



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A REAPERTURA DO CONSULTORIO MÉDICO DE FERROL VELLO

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a reapertura do consultorio médico de Ferrol Vello.

Exposición de motivos

O consultorio médico Manuel Comellas de Ferrol Vello leva máis de ano e medio pechado e logo de múltiples queixas dos veciños e veciñas non está en perspectiva a súa reapertura por parte da Área Sanitaria de Ferrol.

Se ben era habitual que o consultorio pechase nos meses de verán, algo ata certo punto intolerable, agora parece que todo apunta, dezaioito meses despois, a un peche definitivo, sen explicación nin argumentos, o cal deixa en situación de desamparo aos usuarios e usuarias do servizo que se ven obrigados a desprazarse ao ambulatorio Fontenla Maristany, saturando aínda máis este centro de saúde.

O consultorio, que contaba cun facultativo e un ATS, prestaba servizo a máis dun millar de persoas, non só como consulta médica, se non tamén como dispensador de receitas médicas e prestador de servizos coma o Sintrom.

Nunha cidade cunha idade media elevada, as persoas usuarias do servizo médico viñan de Ferrol Vello, Canido e A Magdalena entre outros, persoas que na maior parte dos casos non teñen medios propios de desprazamento e vense na obriga por este recorte de gravosos viaxes co fin de atender a súa saúde. Se hai uns anos era o Consultorio da Graña o que pechaba, deixando a parte da zona rural sen servizo e centralizándoo en Serantes, vemos agora como sen previo anuncio e aproveitando o peche que tivo lugar pola falta de atención presencial a causa da pandemia, outro centro de atención médica deixa de existir.

Por todo isto, o Grupo Municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción para a aprobación dos seguintes acordos:

1.- Instar dende o Concello de Ferrol ao Delegado Territorial da Xunta en Galicia, Gonzalo Trenor, e a Xerencia da Área Sanitaria co fins de advertir das consecuencias do peche e demandar a apertura inmediata do consultorio Manuel Comellas.

Ferrol, 23 de setembro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común